

a voz do povo

semanal

ORGANO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

Depósito Legal VG. 83-1977 NOROESTE.

Ano IX

Nº 25

Domingo, 8 de Maio do 1977

Precio 15 pesetas

De 7.000 a 8.000 persoas en Vigo

Mitin histórico do PCG



Implantación na realidade e no pobo galegos dunhas siglas

Galicia

Vanse perfilando as opcións electorales fundamentais

Son seguras: AP, CD, PPG, FSG-PSOE, PSPG, PSG e PCG

O panorama electoral galego gana claridade estes días, si temos en conta os seguintes datos:

a) A diferenza de Catalunya, e outros lugares, en Galicia non chegou a concretarse ningunha coalición electoral importante. O voto galego dividirase no fundamental entre comunistas, socialistas, demócrata-cristiáns dereita democrática (Centro Democrático) e dereita reaccionaria (Alianza Popular). E decir, a realidade política galega rematou por sedimentar en tendencias ideolóxicas semellantes ás imperantes en calquera país europeo democrático, si ben a maior parte delas teñen fisionomía propia mente galega.

b) Os socialistas presentánsen por separado: PSPG, PSG e FSG-PSOE, o que lles resta forza electoral. Agardemos que, de ser así, non resulte beneficiada a dereita liberal (C.D.) da división socialista, que non favorece en nada nin a Galicia nin á esquerda.

c) O Centro Democrático -apoiado polo goberno Suárez- aparece últimamente con certa forza. Mais a conta de Alianza Popular que da antiga oposición antifranquista galega (do PPG á esquerda). Constitúen o C.D. en Galicia: o PDG de País Ferrín (Santiago), o PDC, antiga UDE (Vigo), o PPO de Pío Cabanillas e Gómez Franqueira (Ourense) e o PGI de Meilán Gil, presente na Coruña e Vigo. Este último parece

ser o de maior peso da coalición en Galicia.

d) Alianza Popular, o enemigo principal de Galicia e da democracia, parece que tende a perder peso. Na Coruña i en Ourense xa foron desplazados en boa medida polo Centro, que se apoia en certa burguesía agraria de recente factura democrática. En Lugo disque Fraga non se presenta por medo de non saír: en calquera caso a súa ausencia favorece en primeiro lugar ó Centro Democrático. En Pontevedra é onde semellan estar más fortes os "impopulares", mais o desplazamento de Ramilo, anticomunista furibundo, e, sobre todo, si se confirma a presencia de Victor Moro encabezando as listas do C.D., pode reducir bastante a súa incidencia que conta, por outra banda coa personalidade da conocida figura franquista Gonzalo Fernández de la Mora.

e) Os comunistas: PCG, organización autónoma do PCE cujo secretario xeral é Santiago Carrillo. Somos si cabe a opción que ten estado más delimitada, menos fluctuante. A campaña de masas iniciada pra dar a conocer o Partido fará a nosa opción más clara e más accesible a todo o pobo galego, unha vez que se arrumbe das mentes a falsa imaxe prefabricada polo anterior réxime político autoritario.

Outros grupos de esquerda, non legalizados, teñen anunciado candidaturas independientes a efectos, sobre todo, de propaganda: UPG-ANPG, MCG, ORT, PT...

Dentro da provisionalidade destas notas, necesarias en todo caso pra ir sabendo todos onde estamos, podemos prever cara ó Senado tres opcións fundamentais, na hipótesis de que froitifique a terceira delas:

- candidatura de Alianza Popular;
- candidatura de Centro Democrático
- c) candidatura unitaria, democrática e galega dende o PPG hasta a esquerda comunista.

Rematar decindo que a campaña pre-electoral i electoral vai producir corrementos importantes do electorado, aparte de que nos días que faltan pra concluir o pliego de inscripcións de candidatos poden darse alteracións dos datos aquí expostos.

4-mai-1977

¿De ónde vimos e a ónde vamos?

Da "Hoja del Lunes" de Vigo (2-5-77) reproducimos o artigo do camarada Carlos Barros, en versión galega.

(Páx. 3)

O Pabellón dos Deportes de Vigo, o día 30 a esa das sete da tarde, era como un mar de obreiros, labregos, profesionais i estudantes, do que emerxían ducas de bandeiras roxas, galegas i españolas. As veces, no calor do mitin, subía a marea, desbordábase a emoción e as ondas deste mar progresista erguían puños solidarios, aplausos democráticos e berros de libertade. Houbo algúns intentos boicoteadores e irresponsables que non conseguiron amainá-lo entusiasmo de máis de sete mil persoas -militantes, simpatizantes, demócratas, convidados- que testificaron, coa súa presencia, a implantación na realidade e no pobo galegos, dunhas siglas: iPCG!

Os comunistas tardaron cento anos, pro resucitaron.

Na anécdota do velliño -pucha, corbata de domingo, ollos saltaríns, ledos e asombrados- resúmese o primeiro gran mitin do PCG en Galicia. "Os nosos dirixentes -dixo Alonso Montero na primeira intervención- teñen na súa biografía unha longa ringleira de sofrementos, na medida en que o sofremento matiza a conducta dos homes; os comunistas imos programar un futuro onde non colla o sofremento e desaparezan as súas bases. Velehí o noso capital ético, moral, ó que non queremos renunciar".


FONTE DE AUGAS LIMPAS E PRA TODOS

A nosa loita non comenzou onte; está enraizada nas vellas raigames na nosa terra e nas nosas xentes. "Somos unha peza da Historia -proseguíu o profesor Alonso Montero, catedrático e candidato comunista pola provincia de Lugo- que quer recollé-la ollada limpia e clara de Rosalía, a daqueles obreiros mortos no 72 e que se chamaban Daniel e Amador, a combatividade de Enrique Botana, a tenrura de Castelao, a agudeza de

Valle-Inclán, a seriedade dun Xaime Quintanilla que soupo conxugar socialismo e galleguismo, a curiosidade constante de Nóbrega Santos. Quer recollé-la solidaridade íntima e quente do veterinario comunista Benigno Alvarez, morto no 37. Quer recollé-lo entusiasmo daqueles mozos do Seminario de Estudos Galegos, xermen dun ministerio de Cultura que aínda hoxe non teñ Galicia. Quer recollé-la resistencia heróica de Segundo Vilaboa, o espírito científico de Manuel Martínez Risco, os versos xusticieros de Curros. Quer recollé-la valentía dos capitáns do monte, Seoane, Manuel Ponte, Vázquez Gayoso..."

"Recollín un pouco aristocráticamente ises nomes -confesou o candidato comunista-, ainda sabendo que, más importante ca eles, son as súas mulleres, os seus fillos, os seus veciños. Mulleres como aquela Manuela Sánchez que cantou Lorenzo Varela. Homes e mulleres anónimos que, coa súa entrega, coa súa solidaridade, deron pé a este acto".

Segundo Alonso Montero, temos que "sementar Galicia de fontes de augas limpas e pra todos"; temos tamén que descontaminá-la palabra "comunista", unha palabra que tantos anos de ultraxe encheron de



Camarada Santiago Alvarez, Secretario Xeral do PCG

Mitin histórico do PCG

(Ven da 1.ª páxina)

"merda, lodo e lama". A nosa loita é pacífica, a nosa arma é a razón, anque "non permitiremos que outros utilicen a nosa fouce pra segá-lo noso pan". Falou despóis do compromiso intelectual, do traballo intelectual ó servicio do home. "Soportámos todo -rematou a súa intervención- porque nos mantiña en pé a razón do noso triunfo, agora temos que empezar a organizar o triunfo da nosa razón, unha razón que recolle o triple compromiso cunha lingua, cunha cultura e cun pobo marxinado.

WALDINO VARELA: A VOZ DO TRABALLO

Despós de Alonso Montero, falou Waldino Varela, traballador vigués, despedido de Vulcano no 72. Iste home, coñecido en todo o Vigo traballador, vello loitador cunha historia estreitamente vencellada á historia do Movemento Obrero galego, empezou esixindo a legalización inmediata de tódolos partidos políticos. De seguido, fixo un esbozo da problemática obrera galega: falta de postos de traballo, despidos, problemas de Barreras, Alvarez e outras fábricas, industrias contaminantes... ¿Cómo vencer esta situación? Pra Waldino, dúas son as tarefas que debemos plantearnos con urxencia hoxe: a primeira é a de afrontar unhas eleccións que debemos ganá-las forzas democráticas. Soio así poderemos ter unha constitución que recolla as aspiracións populares e as transforme en realidades. Compre, ademais, que o obreiro teña voz nas futuras Cortes. Pro, ademais de volcarnos nas eleccións que se avicianan, temos que fortalecer os movementos de masas, outra arma fundamental para conquista da libertade e



A muller do emigrante esa "viuda de vivos", que cantou Rosalía, a do mariñeiro, a propia muller emigrante, a muller campesina, as mulleres galegas, son as primeiras afectadas pola marxinación do noso pobo. "¿Quén mellor ca nós -dixo Sari Alabau- coñece, por exemplo, o mal funcionamento da Seguridade Social, cando somos nós as que botamos horas e horas nas colas dos ambulatorios? ¿Quén mellor ca nós coñece e vive as dificultades creadas pola falta de postos escolares?".

Cando a muller intenta incorporarse ó mundo do traballo, todos son atrancallos, barreiras e discriminacións; discriminacións salariais, dificultades para acceder a postos de responsabilidade, tratamento aldraxante a nivel profesional ou como ouxeto decorativo de oficinas e despachos...

A muller traballadora ten que realizar dúas xornadas laborais: unha no fogar; outra, no seu traballo. Refírese tamén á necesidade de poder utilizar libremente os anticonceptivos, que deben ser suministrados pola Seguridade Social: "Compre que asumamo-la maternidade libremente, que a escollamos asegúrano o noso desejo ou as nosas posibilidades". Criticou unha lexislación absurda, inxusta e machista "onde se nos trata como a menores ou incapacitados para pensar por nós mesmas".

O seu repaso ós mecanismos discriminatorios foi rápido pero preciso. Fixo despóis referencia ós novos cantos de cisne: "As forzas discriminadoras, as forzas negras que onte nos esmagaron, pidenos agora, ás mulleres, o noso voto. Non lles fagamos caso. Nós temos que votar pola democracia. Si contribuímos á causa da democracia no noso país, estamos contribuíndo á causa da nosa liberación".

As palabras de Sari foron rubricadas polas voces de iPCG! iPCG!. A súa exposición deixou claro que o Partido Comunista de Galicia asume a problemática da muller galega e ofrece alternativas políticas concretas. Deixou claro que nós somos, tamén, o Partido da liberación da muller e que ésta pasa, nunha primeira etapa, pola conquista dunha constitución democrática ergueita sobre do triunfo nas eleccións de xunio.

PEÑA-REI: A DEMOCRACIA TAMÉN FORMA PARTE DA SAÚDE

Manolo Peña-Rei, candidato do PCG por Ourense, médico, é un dos homes que mellor coñecen a problemática da sanidade en Galicia e, en xeral, os grandes traumas do noso agro. Vencellado dende sempre ó campo ourensán, procesado por pertencer ás Comisións Campesinas, fillo de médico galeguista, Manolo Peña-Rei, ciruxano como é, sabe aplicá-lo bisturi á realidade galega, diagnosticá-las súas enfermedades e recetarlle alternativas sociopolíticas que cicatricen esas feridas seculares agravadas co franquismo.

Na súa intervención falou da necesidade de atallá-las enfermedades antes de que se produzcan e non esquencese das secuelas de vellas doenças mal curadas. O seu planteamento da sanidade é esencialmente social e preventivo e require unha política democrática de educación sanitaria; unha política que teña en conta as nosas peculiaridades, que teña en conta o bocio endémico da montaña e o raquitismo, as vías de comunicación e a rapidez no servizo, o uso da lingua galega para mellor poderse comunicar co enfermo e evitá-los complexos síquicos. Unha política sanitaria, en definitiva, estreitamente apegada ó chan.

"A nosa poboación é unha poboación mal mantida", asegurou o candidato ourensán. "Moitos son os que descoñecen o drama do alcoholismo infantil nas nosas aldeas, onde ás veces os pais, por teren que saír a traballar, adormecen ós fillos meténdolles viño ou augardente no biberón ou no chupete. Problema tan grave soio se resolverá cunha política correcta de educación sanitaria e a solución doutros problemas -sociales, económicos- que, indirectamente, lle afectan".

Peña-Rei falou da necesidade dunha medicina gratuita, tanto asistencial como farmacéutica; da necesidade de que a principal ferramenta de traballo do médico (a lingua) seña levada á escola; da necesidade dun ensino socialista, soio discriminatorio a nivel individual para corregir os defectos; da necesidade de rematarmos coa emigración, "fonte de grandes desequilibrios"...

Rematou a súa intervención planteando a nosa postura diante dos profesionais, dos universitarios e diante dos cristianos que "sempre terán boa acollida nas nosas filas".

SAUDOS ITALIANOS

A colléndose a invitación do PCG, o Partido Comunista Italiano mandou unha delegación, presente no mitin e composta polo diputado Rinaldi Alfonsina do Comité Central do PCI; Silvio Meana, senador e membro tamén do C.C. do PCI e o dirixente obreiro do PCI na fábrica Fiat de Modena, Cavalcanti Guido. Rinaldi Alfonsina transmitiu, nun italiano quente e melódico, os saudos do PCI e de todo o pobo italiano para Galicia e o seu Partido Comunista. Calificou de "grande evento" o noso camiño cara á democracia e enxuciou a situación italiana e as alternativas que o PCI ofrece pra súa solución. A resposta do público deixou claro o interés e a solidaridade do pobo galego polas conquistas democráticas do país italiano.

RAFAEL PILLADO: UNHAS ELECCIONES POLA AUTONOMIA

Rafael Pillado trouxo a voz ronca, rexia, combativa e proletaria do Ferrol. Miles de voces galegas -centos de ferroláns apiñados debaixo das roxas bandeiras de Astano e de Bazán-



agoiráronlle a súa elección como diputado pola provincia da Coruña. Será a súa unha voz proletaria nas futuras Cortes; voz forxada en ducias de loitas obreiras (todos recordamos a Amador e Daniel!) os acontecementos do 72 no Ferrol e o "proceso dos 23".

Galicia, as eleccións e a autonomía ocuparon todo o seu parlamento. "Votar era un dereito polo que loitamos -dixo o líder ferrolán-; agora é tamén un deber". "Nestas eleccións -berrou Pillado- xogámonos o si ou o non da democracia".

Na súa intervención, "o noso diputado" non se esquencou de que aínda hai partidos sin legalizar: "nos esiximo-la legalización inmediata de tódolos partidos políticos".

Somente hai unha maneira de enfrentarse directamente con tódolos problemas que cangan sober da nosa terra (paro, baixos salarios, emigración...) esa solución chámase AUTONOMIA. Pra conquerila "compre que a clase obreira teña un peso importante nestas eleccións. O pobo galego ten que imponer unha forte representación da clase obreira e das demais forzas progresistas nas Cortes".



A exposición foi interrompida por toda unha marea de berros que acuñaron a sala: "Así se ve, a forza do PCI!".

"Xogámonos a autonomía de Galicia".

Estaba moi recente a prohibición gubernativa do Primeiro de Maio, e a súa vena proletaria lembrouno: "A legalización sindical non implica a libertade sindical. Pono de manifesto a prohibición dos actos do primeiro de maio. Esixamos e loitemos pola libertade sindical".

"Soio haberá verdadeira libertade" -remató o líder do Ferrol-cunha Galicia ceibe dentro dunha España democrática.

CARLOS BARROS: HAI QUE VOTAR DEMOCRACIA, HAI QUE VOTAR GALICIA

"O Primeiro de Maio non se pode prohibir! Así como o vento non se para coas mans", foron as primeiras e contundentes palabras de Carlos Barros. "Así como Franco con tantos anos non logró prohibir que, mal ou ben, os traballadores celebráramos o primeiro de maio, non o lograría o Goberno actual. ¿Por qué o Goberno

prohibe este primeiro de maio? Este Goberno prohibe o primeiro de maio porque tem medo ás clases traballadoras".

"Sin embargo -prosiguió Carlos Barros, candidato comunista pola provincia de Pontevedra- este Goberno tennos acostumbrados a dar unha de cal e outra de area, simultaneamente coa prohibición dos actos de primeiro de maio, legalizaron algunas centrais sindicales. Hai que decir que o Goberno que tínhamos antes, o Goberno Arias-Fraga, fixo moito peor, porque Arias e Fraga non deron máis que cal, non deron máis que represión. E agora o peor é que Fraga se presenta ante a opinión pública como centro, como salvador do país".

"O feito que esteamos aquí reunidos, compañeiros, significa que esto xa non ten volta atrás, significa que os ultras do franquismo están en retirada, significa que tódolos intentos dos ultras do franquismo para perturbar os avances do proceso democrático teñen fracasado, significa que a creación de Alianza Popular e a presentación de Alianza Popular ás eleccións é a campaña electoral de Alianza Popular, significa que a dereita, a dereita non democrática se replega á batalla electoral".

"Todo o que temos logrado foi fruto da loita abnegada de anos e non de ún nin de tres, de centos e de miles". Barros lembrou as loitas de Barreras, as de Vulcano, as de Alvarez... : "¿Cántas veces acudimos ás Travesas, a José Antonio, cántas veces nos manifestamos? Todo aquello que parecía que non daba os seus frutos, todo aquello que durou tanto tempo, estamos vivendo agora o resultado".

"Hai xente que dí que hai moitos partidos, que hai unha grande confusión na opinión. Hai que decir que estamos sufrindo toda a herencia da dictadura, que estamos sufrindo a herencia da falta de libertade. Pero, é que a confusión é tanta, me pregunto eu, como para non diferenciar entre os partidos que son democráticos, e os partidos que din ser democráticos, e que non o son na realidade? ¿E que a diferencia entre os partidos dos traballadores, e os partidos que falan tamén de defendé-los intereses dos traballadores, non está clara? ¿E que a diferencia entre o que é Alianza Popular e o que non é Alianza Popular, non está clara?". O chegar a isto (Vai á páxina 7º).



Pacto prá libertade

Cando Suárez defendeu en TVE a legalidade do Partido Comunista, defendeu o Pacto prá Libertade: unha nova legalidade democrática onde os partidos da clase obreira e da esquerda convivan pacíficamente. Viña a converxer así coa política preconizada, dende hai anos xa, polo PCE, política de cambio pacífico, de Reconciliación Nacional e de Pacto prá Libertade.

Nembargantes, entre o Centro Democrático e o Partido Comunista pode haber acordo pra instaurá-la democracia, pro hai diferencias evidentes:

O Centro Democrático é, en realidade, unha dereita, ~~pro liberal~~, que foi vendo necesaria a democracia pra salvagardar os intereses do réxime capitalista.

O PCE, é fermemente partidario da transformación social do capitalismo, e fermemente partidario da vía democrática ó socialismo: de chegar ó socialismo por medio do fortalecemento da democracia política e da súa extensión ó terreo económico e social. O PCE é partido da clase obreira, de tódolos traballadores e forzas da cultura.

O noso "radicalismo" está en querer implantar unha democracia pra todos, pra tódolos partidos, pra tódalas nacionalidades e rexións, pra tódalas persoas calquera que sexa o sexo i edade, i en ter levado esa loita corenta anos seguidos a pesares da clandestinidade.

A nosa "moderation" está en que queremos os cambios políticos e sociais pola vía pacífica e co protagonismo popular, está en que somos contrarios a "por o carro diante dos bois", a trazarnos ouxetivos-fora das posibilidades reais, a non ter en conta a vontade popular, a opinión e o desexo das masas: cuio voto e cuia acción marcan o camiño ó socialismo en libertade, que é o noso ouxetivo.

Mundo adiante

Os papeles venen esta semá cheos de meigas. "Cambio 16" anuncia a toda portada: "Vuelve hasta Arias. El retorno de los brujos". Os compañeiros de "El Socialista" saen á rúa no número dous, cun aterrador rito da nosa terra (a santa compaña sabe moito de esto): "Resucitan a Franco". Si seguimos deste xeito, os sicoanalistas van ser a única profesión do país que non vexa de cerca a fantasma do paro. Agora é o momento de pedir ós cregós progressistas que boten unha man, ou as dúas, que nunca se sabe. Recoméndase ós compañeiros católicos que recen de cara-llo.

Non podemos dudalo: os ácratas sí, pero tamén prós ácratas e bó ser ácrata dentro dun orde. O orde natural da vida, do que falan os seus melhores teóricos, dende Peirats hasta Diego Abad de Santillán, dende Kropotkin a Federica Montseny. Cando se pide un minuto de silencio por tódolos compañeiros que "xa non poder estar con nos", hai que facelo, aunque sexa somente porque somos homes e non bestas.

O señor Lara é moi libre de vé-las cousas como el gusto. Este señor é un dos editores más famosos do país, goza dun especial apetito, come orixinales de todo tipo, e o seu negocio é moi rentable. Os cartos son os cartos. Este principio ideolóxico fai da súa editorial unha sorte de "caixón de sastre" onde hai de todo. Rematamos por atopar unha certa relación entre as súas declaracions de que vai votar a Alianza Popular e o feito, terrible, de que lle concederan a medalla ó mérito cultural. Vota a Alianza e edita "Por Favor". O dito: os cartos son os cartos.

Ofrecemos unha noticia de última hora que nos diron os camaradas da delegación italiana presentes no mitín do partido. Adicámossal ó Perich e más o Empecinado. Último rollo: O pai de Marco é do PCI.

Si recortades o cupón de "Teima" pra escollé-la comisión pro Homenaxe Castelao, propoñede a Xesús Alonso Montero. Non queremos que ningún pense que a nosa proposta é porque X. A. Montero sexa comunista. Non. E sinxelamente porque cecáis foi sempre o seu máis vigoroso difusor, defensor, e sin dúbida o seu máis constante editor. Os comunistas non queremos que ningún recolla os froitos do traballo doutros. Coidamos que debe figurar xunto con ou-

tro grande defensor da nosa cultura o nome de Xesús Alonso Montero.

Hai uns días nun periódico andaluz límos unha noticia de milagro. Na barriada chamada do Porvenir, na rúa Felipe II, os veciños viron asombados que dous caballos blancos paseábanse por ela e Dempois galopaban en libertade. Houbo un veciño que chamou á policía pra denunciar ós caballos. Militantes do partido escribennos e dinnos que este veciño pensa votar a Alianza Popular. Os milagros duran pouco nos pobos onde hai ultras.


Perdura o xenio crítico de J. Luis de Villalonga. Este aristócrata progre trae de cabeza á familia Franco por tódolos xuzgados de Europa. Sempre perde, pero el dí que o pasa moi ben. Paga e listo. Despois comenza con outro escándalo. Os intelectuais e a opinión pública francesa siguen a polémica, convertida xa nun fermoso espectáculo. Hoxe descólgame coa noticia que lle proporciona unha sobrina súa, interna nun colexio de monxes. A profesora de relixión espotóelle ás nenas nunha clase: "Está demostrado científicamente que el infierno está debajo de Rusia".

Continuan as apostas pola cidade de Vigo sobr de si a famosa plataforma de Barreras vai flotar ou non. O outro día, diante de min, dous amigos apostaron mil pesetas. Esa plataforma non flota, dixo ún deles, nin o día que estefiamos construíndo o socialismo.

O primeiro de Maio, como leeredes noutro sitio do noso semanario, volvén con paus. Mundo adiante voltearon os paus, as carreiras, os berros de rabia. Eu recordéi o título daquele película italiana: A clase obreira vai ó paraíso.

PEDRO BARBANTES

o fillo de breogán



Na batalla electoral

RAFAEL BAREZ

A campaña electoral do PCG non vai ser, non pode ser, unha campaña igual á de outras forzas políticas. A nosa campaña ten de levar a impronta, o estilo que ven caracterizando nistes anos a actuación dos comunistas. Os principais criterios que teñen que presidi-la nosa campaña electoral xurden dunha práctica diaria de moitos anos de loita a carón do noso pobo.

Vai sé-la nosa unha campaña personalizada, de contacto directo coas masas populares. Non teríamos cartos nin corresponde ó noso estilo a utilización de certas técnicas publicitarias clásicas; o potencial humano do noso Partido, a actividad persoal dos nosos militantes, van ser a principal fonte de financiación da nosa campaña. A utilización do "porta a porta", o contacto persoal cos electores, o coñecemento dos problemas máis graves que afectan ás masas, van estar no centro da actuación dos comunistas. Os candidatos do PCG non son homes e mulleres descoñecidos polo noso pobo, non son xentes que saen na televisión desde Madrid; son os compañeiros que dí a dí teñen estado a carón do pobo, nas fábricas, nos centros de traballo ou de estudio, nas barriadas, patentizando a súa entrega á causa dos traballadores e dos sectores populares de Galicia.

Non vai sé-la nosa unha campaña de grandes frases e grandes programas xenerales e abstractos. Vai ser unha campaña na que ofreceremos alternativas e soluciones concretas ós problemas máis urxentes do noso pobo. Os graves problemas económicos sociais e políticos do país non se resolven cunha "variña máxica". Pero a nosa práctica diaria de loita de masas, tenos ensinado tamén que os grandes problemas vanse resolvendo con soluciones concretas, e a primeira de todas pasa pola necesidade de que os traballadores participen e esteñan realmente representados no Goberno, que as súas aspiracións señan tidas en conta pra gobernar.

Neste senso, o programa electoral do PCG é un programa sinxelo, de alternativas concretas, e os comunistas que resulten elexidos defenderán inteligrantemente e con pasión o contido do programa no que os intereses do pobo de Galicia están por encima de calquera outra consideración.

Vai ser a nosa, finalmente, unha campaña galega e nacional, na que defendaremos, a necesidade de Autonomía para Galicia, o seu dereito a autogobernarse no marco dun futuro democrático e federal. Unha campaña na que, rematando coa marxinación e o atraso no que estivemos sumidos durante corenta anos, será un ouxetivo primordial. Unha campaña na que o lema "VOTA POR GALICIA, VOTA COMUNISTA" vai ter un significado ben preciso.

As eleccións que se van celebrar e a campaña electoral aberta supoñen pró noso Partido un auténtico reto, do que temos de sair vitoriosos. Temos que ir ás eleccións pra "ganar", alínda coñecendo a imposibilidade de obter unha maioría comunista; ofrecendo ó noso pobo a imaxen real dos comunistas que corenta anos de franquismo tentaron desfigurar, consolidando a presencia do noso Partido na sociedade.

Entre amplios sectores do noso pobo aínda queda unha imaxen deformada do noso Partido, producto da propaganda interesada e deformante disentes anos. Pero os que nos coñecen, os que teñen loitado xunto a nós, dí a dí, pola liberdade e a democracia; os que nos teñen visto encabezando as loitas dos sectores populares, saben cá é a nosa verdadeira imaxen. Saben que somos un Partido normal, non de xentes raras ou especiales; un Partido profundamente nacional e galego, que defende os intereses de Galicia e o seu pobo; un Partido dos traballadores e das clases populares, dos campesinos galegos, dos mariñeiros, dos xóvenes e das mulleres, das forzas da cultura; que moitos anos de cadeas e moitas vidas temos deixado na longa loita contra da dictadura, sendo a nosa bandeira a reconciliación; que somos un Partido con historia (pero non "histórico"), que mira cara ó presente e o futuro; un Partido de transformacións sociales, cun programa netamente definido e voluntade de gobernar. E saben tamén da nosa honestidade, da nosa loita diaria contra da corrupción que imperou dende sempre no noso país; un Partido profundamente democrático, aberto a tódolos homes e mulleres que loitan por Galicia, que ven no socialismo na democracia un vieiro de solucións ós problemas do noso pobo.

Respondendo ó ofrecemento que a "Hoja del Lunes" de Vigo fixo ó noso Partido pra participarmos, ó lado dos demás partidos, na súa sección TRIBUNA LIBRE, Carlos Barros publicou no número do día 2 deste mes, no xornal citado, o traballo que reproducimos en versión galega.

¿De onde vimos e a onde vamos?

Dentro de 24 días comenza a campaña electoral, e persiste a confusión entre a xente. Algunha encuesta fala dun 40 por cento de indecisos. Hai quen, por outra banda, procuran botar toda a leña que poden ó lume, con intencións evidentes de dificultar una renovación limpamente democrática do poder.

¿Qué podemos facé-los partidos pra disipá-las nubes?

Informar. Informar, diante de todo, sobor do que está pasando, e despóis sobor do qué é e quer cada partido.

O que está sucedendo é en realidade moi sinxelo, poderíamos definilo en dúas frases:

1) Vimos da dictadura e vamos cara á democracia.

2) As eleccións do 15 de xunio decidirán a cuestión.

Que vimos da dictadura sábeo todo o mundo, e que ningún queira que volva, excepto católicos totalitarios, tamén.

Que vamos cara unha democracia arrinca máis dudas, mesmo en sectores políticamente informados, xa que siguen prohibindo actividades lexítimas, temos partidos áinda ilegais, a maioría dos postos

burocráticos siguen ocupados polos que foron designados a dedo na época de Franco, etc.

Nembargantes, coa moita ou pouca autoridade que podemos ter quer viñemos loitando todos istos anos pola democracia, hai que decir que sí, que avanzamos cara á democracia. A liberación de presos, a legalización do Partido Comunista e a convocatoria de eleccións (anque éstas non van ser totalmente libres), son feitos que demostran que avanzamos, e que si Alianza Popular non volve, non volverá a noite franquista, e Alianza Popular non vai volver ó Poder si os partidos de esquerda, centro e dereita democrática, dende o Partido Comunista hasta o propio Suárez, siguen rexos e firmes no camiño emprendido.

Algún lector preguntará: quén garantiza que esto vai ser así; quén garantiza que non volverán os velloz demos: a represión, o silencio, o medo; quén garantiza que os caciques do pasado non seguirán sendo os caciques do futuro. A nosa resposta é: vostede co seu apoio, co seu voto; si vostede confía en partidos que teñan desmostrado firmeza e responsabilidade no logo do paso pacífico e irreversible da dictadura á democracia, vostede mesmo garantizará as libertades políticas e sindicales.

¿Acaso o voto non é secreto?

¿Acaso non poden votar por quén queiran os cidadáns?

¿Acaso non vale tanto o voto do obreiro coma o do patrono, do campesino coma o do señor alcalde, do ténedero coma o do señor gobernador?

Tomar partido con decisión, coller en serio estas eleccións, é algo máis que un dereito, é agora un deber ineludible do home e da muller, do que vive na cidade ou na aldea.

pepe-77

A Igrexa diante das eleccións

Unha das cuestións que se están a debatir nestes días é a participación dos cregos como candidatos ó Congreso ou ó Senado nas eleccións do 15 de xuño.

Como é sabido, a Comisión Permanente da Conferencia Episcopal española, na reunión mantida o pasado día 22 de abril, acordou prohibir la participación dos cregos, relixiosos ou relixiosas, como candidatos a diputados ás próximas Cortes. Xa con anterioridade, a mesma Comisión tiñase pronunciado sobre o tema no documento acerca da participación política dos cristianos, feito público o 2 de febreiro, no que, entre outras cousas, decía: "Consideramos que tanto os bispos como cregos e relixiosos non debemos asumir funcións de militancia activa nin de lideráculo nos partidos políticos nin de representación política nos organismos públicos, i esto é válido prás diferentes opcións". Ultimamente, os bispos de Galicia sumáronse a esta declaración á traves dunha roda de prensa celebrada en Santiago o día 28 na que o bispo auxiliar dessa cidade declarou: "Nas diócesis de Galicia, os bispos non autorizarán nin siquera excepcionalmente, en ningún caso, ós cregos pra que se presenten como candidatos ó Congreso ou ó Senado nas próximas eleccións".

A polémica reviste importancia por tanto que ademais, algunas formacións políticas de esquerda -UPG ANPG, ORT...- falan de presentar nas súas listas pró Congreso e pró Senado a cregos, e tampoco faltan réplicas á declaración dos bispos galegos encol deste tema por parte de varios cregos, facendo referencia ós seus dereitos civiles coma cidadáns.

O Partido Comunista conta nas súas filias con cregos que pola súa recoñecida traición a defensa dos intereses das clases traballadoras ben poderían figurar nas listas de candidatos nestas eleccións. Mais o carácter excepcional déstas aconsellan non convinte a súa presentación.

Hoxe a cuestión non está tanto na defensa dos dereitos civiles dos cregos como cidadáns que son, defensa da que nós nos facemos partícipes como de calquer outra situación que poida suscitar unha merma ou discri-

minación deses dereitos, senón de que a Igrexa xogue un papel totalmente neutral nas próximas eleccións sin inclinarse por unha ou outra opción de partido determinada.

Compre entender que esta actitud do Episcopado español frente ás eleccións como un factor positivo no proceso político hacia á democracia. Actitude ésta, por outra banda, que revela a actual correlación de forzas no seo da Igrexa, caracterizada polo equilibrio das posiciones, e que debería pór fin a unha etapa de excesivo vencellamento e misturación entre a Igrexa e o poder político.


Partindo dunha estreita colaboración co Réxime franquista, lexitímando e dándolle unha coerencia ideolóxica sin a cal lle tería sido difícil sobrevivir, a trajectoria da Igrexa durante os últimos anos é a historia dun progresivo distanciamento do poder político, consecuencia das transformacións que se van operando na sociedade española e das contradiccións que esas transformacións producen no seo mesmo das estruturas eclesiásticas.

A loita cada vez máis grande que os pobos de España desenvolven polas libertades políticas, o incremento dos movementos de masas en tódolos frentes en percura de soluciones democráticas ós problemas que a sociedade ten planteados son os motores disto cambio de actitude da Igrexa que levóunha ás veces a auténticos enfrentamentos coa Dictadura.

Ista progresiva independencia do poder político é un factor progresivo, sobre de todo na coyuntura actual onde a democracia aínda non está consolidada e o perigo de involución non pode ser descartado. De ahí que a neutralidade da Igrexa no proceso electoral actual teñámolo que considerar como unha garantía que axude a un normal desenvolvemento das eleccións. Intentar que ésta teña unha actitude belixerante, en favor ou en contra de calquer formación partidaria das que concurrán ás eleccións, facé-la entrar outra vez de cheo na escaña política non pode sé-lo mellor camiño de levá-lo país á aceptación dunha constitución democrática que tería de nacer das eleccións do 15 de xuño.

CARLOS P. PAIS


¡ LEVOLLE TODA
A MAÑÁN DECINDO
QUE ISTA NON É
UNHA CABINA
ELEITORAL !



Suscríbete
"A VOZ DO POBO",

Apartado 3043 – Vigo

A VOZ DO POBO - 4



Candidato do PCG por Ourense

Xesús Redondo Abuín, 38 anos, casado e natural de Rianxo xunteiro, zapateiro, mineiro, metalúrxico e peón da construcción

Abuín, un loitador pró congreso

VOZ DO POBO: Explícanos a que se debe o paso por tantos oficios.

ABUÍN: Miña nai era peixeira e meu pai canteiro, nunha familia de 6 irmáns, con ingresos insuficientes. Iso foi o que determinou que ós 6 anos tivera que saír de criado a unha casa de labranza, na que traballei hasta os 12 anos a cambeo da comida e algún que outro saco de fariña que lle daban ós meus pais. Foi entón cuando íles decidiron darme un oficio e metérmonme de zapateiro, onde estiven 2 anos sin cobrar nada, de aprendiz, e acabéi de oficial primeiro, ganando 27 pts. alá polo ano 57, cunha xornada de 10 a 12 horas. Neste intre decidín buscar outra saída á miña vida, e fun parar ás minas de Asturias, na famosa Camocha, onde traballaba de 15 a 20 horas co fin de axudar ós meus pais e aforrar un pouco...

V. do P.: ¿Cánto durou ista etapa?

ABUÍN: Pouco, pois cheguéi nas vísperas da primeira gran folga da minería, no ano 57, e iso axudou a darme de conta de que o meu esforzo, esclavizándome a traballar, non era a saída ós meus problemas, senón que ista pasaba pola solución conxunta dos problemas de tódolos mineiros.

V. do P.: ¿A ista conclusión, chegaches pola túa conta ou coa axuda de alguém?

ABUÍN: Coa axuda de homes do Partido Comunista, como Celso, Bayón, Inguanzo e outros, que eran os líderes naturales dos mineiros, e quenes me fixeron ver a necesidade de participar na loita pola millora das condicións de vida de todos nós. Foi precisamente neste intre quando xurdíu a primeira Comisión Obrera de España, na Camocha, formada por 7 ou 8 comunistas que fuimos nomeados polos compañeiros no fondo da mina, xa que na superficie había cantidade de gardas civiles, pra reivindicar o dereito dos vales do carbón.

V. do P.: ¿Como acabou este período de mineiro?

ABUÍN: En Asturias acabou no ano 62, cando despóis das grandes folgas de abril e maio, coas secuelas de detencións, torturas e deportacións, tivemos que organizar outra gran folga en agosto, reivindicando a volta dos deportados. Co gallo dista última, que lle costou ó P.C. varios mortos a tiros ou por torturas lembrémonos de Tina Pérez, que non sofríu somentes unha "tomadura de pelo", como dixo o ano pasado Fraga con moito cinismo referíndose ás mulleres

que lle rasparon a cabeza naquél tempo, sendo il xa ministro, a dirección do Partido considerou que eu debía saír de España, andaba buscado pola policía, e levóume a Francia clandestinamente, onde solicitéi asilo político. De alí expulsáronme en maio do 63, por organizar unha folga de 500 españoles na empresa "Rhot-Frères" de Strasbourg, que se nutría de man de obra estranxeira. Logo dun ano clandestino paséi a Bélxica, onde estiven documentado baixo a protección da O.N.U., e voltéi a traballar nas minas de Liège hasta o ano 67, no que decidín regresar legalmente a España, anque viña indocumentado por denegación do pasaporte.

V. do P.: ¿Qué pasou na fronteira e xa despóis?

ABUÍN: Fui detido en Irún, e interrogado polo tristemente famoso comisario "Manzanas", que me puxo nas mans dos militares. Iste metérmonme 5 meses no calabozo de Loyola, e logo deportáronme ó Sahara por outros 6 meses. Cando xa me vin libre, paséi a Canarias, en maio do 68, onde entréi a traballar na construcción, sendo detido de novo en setembro daquél ano quando participaba nunha asamblea de traballadores, da cal saí con un tiro na perna e 11 anos de cadea, acusado de "rebelión militar" e insulto ás forzas armadas.

V. do P.: ¿Cando saíches da cadea?

ABUÍN: En decembro do 75, estando na cadea de Pontevedra, e logo de ter pasado polas prisóns de Las Palmas, Soria, a Cruña, Xaén, Segovia e Puerto de Santa María. Teño que siñificar a especial dureza desta derradeira, auténtico presidio de exterminio, onde chegúe a contar 5 suicidios e deceas de intentos frustrados nos 19 meses que alí paséi -deles, 9 en celdas de castigo, cun réxime celular de 23 horas de celda e soio unha de patio. Non había dereito á televisión, prensa, nin a falar entre nós na hora de patio pois as celdas eran individuais. Baste decir, pra rematar, que nista cadea non rixé outra norma que a imposta pola vontade do director, sin ter en conta pra nadie nin tan siquera o reglamento xeral de prisóns.

V. do P.: ¿Por qué viñeches parar a Ourense?

ABUÍN: Bon, eu son galego, e decidido a seguir dando o callo na miña terra, penséi que en Ourense a miña experiencia podería ser más útil ós meus compañeiros de clase que noutras puntos de Galicia.

V. do P.: Pero ti non traballas hoxe en ningunha empresa.

ABUÍN: Non, porque despois de haber solicitado traballo en varias empresas como Barreiros; Pereira dos Santos, Cofugasa e outras, en todas me foi negado por unhas ou outras razós.

V. do P.: ¿De qué vives entón?

ABUÍN: Polo que dixen, atópome entregado por entero ó traballo sindical e político, e pra subsistir recibo axudas, que non son fixas, tanto pola parte de CC.OO. coma do P.C.G., amén da que os meus pais me facilitan en produtos do agro de vez en cando.

V. do P.: ¿Ista situación é transitoria, ou consideras ista clase de traballo coma xustificado por si mesmo, e polo tanto como un medio de vida normal pró teu futuro?

ABUÍN: Eu non elexín ista situación, que veu determinada polas circunstancias, e polo tanto a súa transitoriedade tamén dependerá dilas. Por suposto, non hai organización política ou sindical que poida desenrolar a súa actividad de maneira eficaz, sin xente adicada exclusivamente a ela. Con isto non quero decir que sexa eu un distes homes para sempre, e dende logo, poido afirmar que nista tarefa non disponío do tempo que tería para mí, si desenrolara un horario normal de traballo en calquera empresa. No entanto, por enriba das miñas preferencias, sempre estarán as obligacións que me impón a miña fidelidade á loita pola defensa dos intereses da clase obrera, á cal pertenezco.

V. do P.: ¿Non atopas contradición entre o teu papel coma membro do Secretariado das CC.OO. de Galicia, e a túa candidatura ó Congreso na lista do P.C.G. por Ourense?

ABUÍN: En absoluto, por tanto o P.C.G., sendo un partido obrero, na miña opinión é o mellor defensor dos intereses dos traballadores. O que non quere decir que tódolos afiliados ó Sindicato das CC.OO. teñan necesariamente que apoiar ista opción, xa que hai tamén outras que non contradín as aspiracións de clase que defende este Sindicato.

V. do P.: Pra rematar ¿que lle pedirías ti ós traballadores de cara ás próximas eleccións do 15 de Xuño?


ABUÍN: Que de ningún xeito voten polas candidaturas da de-reita. Os nosos intereses de clase esixen que niste Congreso de diputados haxa a maior cantidade posible de demócratas, que serán os únicos que poidan garantizar unha lexislación laboral favorable ó conxunto de tódalas forzas de traballo.

BASILIO RODRIGUEZ

Asamblea de ensinantes do PCG

O pasado día 30 de abril celebrouse en Vigo a primeira asamblea de ensinantes do PCG na legalidade, coa presencia de tódalas localidades de Galicia e de tódolos sectores do ensino para discutir dous puntos fundamentais do orde do día, que xa foran debatidos nas distintas organizacións.

No primeiro punto discutíuse o programa do Partido no ensino nas próximas eleccións quedando definitivamente elaborado e estructurado en catro capítulos:



- a) Gratuidade e escolarización.
- b) Ensino axeitado ás necesidades de Galicia.
- c) Democratización do ensino.
- d) Por un ensino de calidade.

Abordáronse temas tan importantes como: maior dotación de centros de preescolar, sober de todo no agro, escolarización total, obrigatoria e gratuita hasta os 16 anos, a resolución das xustas reivindicacións do profesorado, maior adicación do presupuesto do Estado ó ensino, con-

trol democrático das subvencións no ensino privado, xestión democrática, autonomía universitaria, e por unha universidade non elitista, axeitada ó desenrollo económico, industrial, agrícola, naval, pesqueiro, ... que se encamiñe a rematar coa dependencia tecnolóxica da nosa economía.

Na asamblea púxose de relieve a responsabilidade que o Partido ten de impulsá-lo ensino como un derecho de tódolos cidadáns, dada a súa importancia no desenrollo cultural, científico e económico de Galicia.

O segundo punto do orde do día foi o estudo da problemática sindical dos traballadores do ensino, poñéndose de manifesto a preocupación dos camaradas por impulsá-la unidade de dos distintos sectores do ensino de cara á actividade sindical, mostrando tamén os perigos de corporativismo existentes neste eido pola súa actividade e pola procedencia social dos ensinantes.

Tamén destacouse a importancia que de cara a isto ten a necesaria presencia das centrales sindicais de clase no sector, que non sea ningún impedimento a necesaria unidade.

Neste senso saudaron a presencia no ensino e mostraron o seu apoio á constitución de Comisións de Ensinantes, organización dos ensinantes da Confederación Sindical de CC.OO.

Acordóuse impulsá-lo debate sindical neste eido que, áinda na perspectiva da sindicación autónoma dos ensinantes, tense que chegar a ela mediante un proceso consciente e serio dos mesmos.

A folga da construcción: gana a policía

Cando a asamblea dos traballadores do ramo da Construcción de Vigo decidía o 12 de abril que a xornada do 15 tiña que ser o primeiro día da nosa folga xeral, atopábamnos no final dun longo proceso axitativo cujo orixe podese situar no pasado mes de novembro.

A impotencia da Delegación de Traballo pra homologá-lo convenio arrincado na folga de xullo; a previsible insuficiencia da incorporación en decembro, dos índices oficiais do coste da vida, ós xa ben disminuídos salarios; a ruptura das hostilidades por parte dos precios na difícil tregua dos últimos meses do ano; as reivindicacións sociales aínda pendentes de cumplimentación, e áinda máis un longo etc., poñíannos na tesitura inexcusable de optar.

A opción das CC.OO. era decididamente pola folga dempós dun traballo incontestable que duró meses e que consistiu en visitar obras, facer asambleas, divulgá-la nosa prensa, a nosa táboa reivindicativa cuia definitiva concreción naceu dunha asamblea de Huarte... Xa soio quedaba fixá-la data. A millor do tempo, o relanzamento estacional do ramo e a convocatoria dun día de loita prós 15 de abril, movéunos a considerar esa data como a óptima. E con toda ilusión CC.OO. é o SOCV chamamos á folga xeral do ramo.

Xa o vernes 15 eran patentes tres cousas:

1) CC.OO. soio podía parar dende dentro dúas obras que, áinda sendo importantes, eran dúas: Huarte e Misa e Costas.

2) O SOCV non tiña capacidade pra parar dende dentro unha soia obra.

3) Pra que a folga saíra adiante eran imprescindibles os piquetes. Uns e outros (SOCV e CC.OO.) lanzámonos con forza por iste vieiro. Dende este momento entra en escena o protagonista destes días: a policía.

Empezou, xa, o vernes 15 a seguir ós ladrilleiros co resultado final de 10 presos. Maior luns 18 dende as 10,30 comenzou a caza sistemática

do traballador da construcción en paro, hasta o xoves, día no que se decidió a volta ó trabalho. Mais de 30 traballadores da construcción (entre os que se atopa o autor destas liñas) pasaron tres días de carcel e outros moitos serían momentaneamente detidos, golpeados, perseguidos, ameaizados...

Como se di no informe que as CC.OO. elaboraron, como análises da folga, "as nosas reivindicacións (27 e 29.000 pts., ...) eran e siguen sendo xustas". Pro os piquetes son, hoxe, insuficiencias pra levantar unha folga adiante, porque son vulnerables. Queda unha saída:

FORTALECE-LA ORGANIZACIÓN DO RAMO

Temos que fortalecer a organización. Se non queremos chegar a decembro co salario actual temos que volver a loitar, pro agora ten que ser cunha organización sólida. Temos que pará-la maior parte das obras dende dentro e dende o primeiro día.

Os oxectivos que nos plantexamos conquérlas CC.OO. son:

1) Crear comisións en tódalas obras.

2) Manté-la loita por aquelas libertades que nos permitan exercé-los derechos de reunión, asamblea e folga hasta agora sistematicamente prohibidos.

Dúas alternativas, pois, presentámonos como ineludibles se queremos avanzar:

a) Organizá-la rama nun sindicato forte, unitario e de clase. Este sindicato é Comisións Obreiras. Comisións Obreiras é a alternativa ineludible pra conquérla gran central sindical que precisamos.

b) Os traballadores da construcción non podemos deixar de lado o fenómeno electoral co que nos imos atopar xa. Votar ós partidos obreiros será avanzar cara á libertade que nos, tan especialmente, necesitamos.

Empezou, xa, o vernes 15 a seguir ós ladrilleiros co resultado final de 10 presos. Maior luns 18 dende as 10,30 comenzou a caza sistemática

PACO

O disminuído físico e a súa problemática

A problemática dos diminuídos físicos está sendo exposta á luz pública á traves dos grupos que se formaron en todo o territorio nacional. O oxectivo que se pretende é o de concienciar á sociedade da necesidade de que as estruturas cidadáns, a todos os niveis, sexan pensadas tendo en conta os diminuídos físicos e tratando de eliminar as barreiras sicológicas e arquitectónicas, ambas dúas dificultan a nosa integración. As sicológicas son as trabas fundadas no pensamento clásico das persoas que atendan as escolas, os hospitales, o goberno, ... As arquitectónicas son os obstáculos materiales, as estruturas dos edificios que nos comprepré nosa expansión e formación. Vostedes dirán si o problema ten a suficiente magnitud como para telo en conta; pois ben, como dato diremos que o 3 por cento da poboación española padece disminucións físicas en diferentes grados que van desde a pequena coxeira hasta a parálisis total, pasando polas minusvalías sensoriales (cegos, sordos, etc.).

Cando se produce o percance físico empeza a cadea de problemas. Si se trata de accidentado laboral, o individuo atopa en primeiro lugar, que non existe unha planificación no referente á asistencia e rehabilitación física e sicológica, e hai unha total carencia de centros especializados para estes fines, para recuperación do máximo posible de facultades unido ó tratamento de adaptación sicológica. A eso engádelle a insuficiencia das pensións ós accidentados (en caso de incapacidade total).

Si a minusvalía se produce na infancia, atopámonos con que non existen centros médicos especializados e os poucos que se



destinan a este cometido quedan anticuados en tódolos ordes.

Os núcleos rurais están desatendidos e, no caso concreto de Galicia, os nenos non poden acceder á asistencia e á rehabilitación, pola localización dos centros nas grandes cidades. A poboación campesina sufre o problema con más crudeza que nas cidades; o índice de taras físicas é moi alto pola dureza do trabalho, pola herencia xenética, falta de hixiene (menos do 25 por cento posee W.C. na casa), alcoholismo, etc. O neno minusválido cómpre a formación para súa integración futura, pro hasta que o ensino sexa impartido de maneira gratuita, esto non será posible polo feito de que, en moitos casos, a familia non pode financiá-la formación do neno minusválido e consideran esta faceta de segundo orde, xa que os seus recursos apenas lles chegan para cubrirlas necesidades

máis inmediatas.

— Carecemos de todo, mesmo do dereito de esixirmos xusticia e claridade no referente ós fondos públicos.

— Esixímos os nosos dereitos e ofrecémos caridade.

— O goberno escamotea as soluções.


— Esixímos, en primeiro lugar, asistencia médica planificada e gratuita, formación cultural para poder integrarnos á sociedade e desempeñarmos un papel que esteña de acordo coas posibilidades físicas de cada quien.

— Incapacidade dos organismos para solucioná-lo problema do desemprego, adicándose a tarefas parasitarias.

As medidas do goberno esquecen o problema, a seguridade social é un bon negocio e os señores políticos pretendén regá-lo deserto con xarros de auga.

Luis Mariano

O mar A xornada do 1º de maio



CC. MM.

O Primeiro de Maio na zona de Arousa transcurriu desta maneira: un grupo de componentes do sindicato recorren durante todo o día a zona de Arousa Sur, dende Carril ó Grove, realizando unha amplia campaña propagandística do Sindicato, con pegada de carteles nos que se facía un chamamento á afiliación e informando sobre os acordos da Asamblea Coordinadora do Mar de Galicia (entre o SLMM e o SCMG) á vez que se realizaba un reparto masivo de trípticos que informaban das características do Sindicato das CC.MM. A acollida polos mariñeiros foi extraordinaria, creando un ambiente moi favorable cara ó Sindicato e facendo medrál-a afiliación.

Nesta semá están preparadas reunións masivas nas Cofradías de Rianxo, Illa e o Grove, para explicá-lo Sindicato e seguir avanzando na afiliación. Así mesmo, créouse xa a secisión local do Sindicato en Cambados.

A estrutura do Sindicato:

- Asamblea de Porto
- Sección local do Sindicato
- Responsable de finanzas e afiliación. Responsable de propaganda. Responsable de organización. Secretario xeral.
- Coordinadora de Ría (Hai 10 rías en Galicia)



Conversa coa delegación do PCI de Modena

Acolléndose á invitación do PCG, pasaron unhas días en Galicia tres italianos, militantes do PC italiano. Silvio Meana é membro do Comité Central do seu partido e membro do Parlamento; Rinaldi Alfonsina tamén do Comité Central e diputado; o terceiro é Cavalcanti Guido, dirixente do PCI na fábrica Fiat de Modena. "A Voz do Pobo" aproveitou unhas minutos pra conversar un pouco con eles. Os tres son de Modena e non quixeron escomenzala entrevista sin antes agradecé-la hospitalidade que atopan en Galicia e transmitir a tódolos comunistas e demais forzas democráticas galegas saúdos fratnales.

A VOZ DO POBO: ¿Cómo enxuciades neste momento a situación de crisis na que se atopa Italia?

SILVIO MEANA: A situación económica é grave; temos dous millóns de parados -un millón destos son xóvenes- e o resto traballadores e profesionais. O ritmo de inflación que padece Italia é dun 18 por cento. Por iso no noso país como nos outros de Europa Occidental, as tarefas más primordiales son: por un lado reducir a inflación porque a práctica demostramos que afecta máis que a nadie ás clases populares e, polo outro, aumentá-las inversiones pra diminuí-lo paro.

V. do P.: ¿Cáles son as medidas políticas pra lograr estes ouxentivos inmediatos?

RINALDI ALFONSINA: Dado a gravedade da situación económica e política, os comunistas italianos creemos que a defensa do orden público democrático e da Constitución emanada do trunfo ante o fascismo en 1945, debe ser unha tarefa de todo o pobo italiano.

V. do P.: Cando falades de pobo, ¿a qué clases sociales vos referíades en concreto?

CAVALCANTI GUIDO: Entendemos que as classes populares son: a clase obrera, profesionais e pequena e media burguesía. En xeral tódolos sectores da sociedade que non teñen intereses de tipo monopolista.

V. do P.: Voltamos ás soluciones políticas, ¿Cáles son, logo, os partidos nos que pretendedes chegar a un acordo pra afrontá-la crisi?

RINALDI ALFONSINA: Deseamos negociar un programa de Goberno con tódolos partidos democráticos: PSI, P. Republicano, P. Social-Demócrata e coa Democracia Cristián.

V. do P.: Trátase do que definides como Compromiso Histórico. ¿Qué posibilidades hai pra que a Democracia Cristián acepte? ¿Non o considera, en certo modo, unha trampa?

SILVIO MEANA: De ningún xeito se trata dunha trampa, simplemente presentasenos como a única solución posible.

V. do P.: ¿Tamén existe a do "Pinochetazo"?

SILVIO MEANA: A maioría dos militantes da D.C. italiana teñen moi clara a necesidade de defendé-la Constitución, pois eles loitaron conosco contra o fascismo, i en favor da legalidade democrática.

V. do P.: Dos casi dous millóns de afiliados do PCI soio un 20 por cento deles ten unha participación activa na vida política do Partido. ¿Cál é o motivo?

SILVIO MEANA: E difícil cuantificá-lo grado de participación xa que se expresa de distintas maneiras. Por exemplo, nas eleccións movilízase tódolos afiliados, o mesmo acontece na festa da "Unitá".

V. do P.: Falemos doutro aspecto tamén interesante da política italiana. Trátase da experiencia do movemento obreiro italiano a partir do 1946, e o camiño que está seguindo pra chegar á unidade.

CAVALCANTI GUIDO: No 1946, había un sindicato unitario, nacido do acordo entre os partidos triunfadores na lucha antifascista. Nel estaban comunistas, socialistas e cristianos. No 1948 co atentado a Togliatti rómpese a unidade; nacendo dúas corrientes sindicales: comunista-socialista e a católica-cristián. Dalfá a pouco os socialistas e os socialdemócratas excíndense, dando lugar a unha terceira central sindical formada por social-demócratas e republicanos. Este período foi o más fácil pró patrón; en 1968 o salario dos traballadores italianos era inferior nun 30 ou 40 por cento ó dos outros países europeos, nem bargantes os produtos italianos non se diferenciaban, no precio, dos de outros países. A solución atopámola no 1969 formando a Federación Sindical das tres organizacións sindicales. Pra dar vida a este novo xeito de entendé-la unidade sindical, nacen os delegados de fábrica.

V. do P.: ¿Cómoo se elixen os delegados?

CAVALCANTI GUIDO: Elíxense entre tódolos traballadores por votación. Fórmase un organismo chamado "comisión interna", equivalente en membros ós traballadores da fábrica. Por exemplo, a dous ou tres mil traballadores correspondenlle nove membros na comisión interna. Pra ser "delegado" non fai falta estar inscrito no Sindicato. Creo que esta experiencia nosa é moi importante pra que os traballadores españoles se den de conta da importancia que ten a unidade.

Crónica de Euskadi

Dende hai algunas semás vense desenvolvendo en Euskadi un importante movemento por parte dos partidos políticos vascos, claramente orientado cara ás eleccións. Dalguna maneira, podemos afirmar que, no que respecta ó País Vasco, o período electoral xa comenzou. Así, temos que, nos derradeiros fins de semá, asistimos a unha enorme explosión de mítines e actos políticos da gran mayoría de grupos que conforman o abanico político vasco.

Doutra parte, ó marxe desta dinámica, vanse configurando opcións de coalición de cara ó Senado. Ou mellor dito, a única opción democrática nacional que os partidos democráticos e nacionais vascos poidan ofrecer a Euskadi: o compromiso pola autonomía. Esto é, o compromiso de tódalas forzas políticas vascas pra presentaren un bloque compacto que represente ó pobo vasco nas Cortes e que tería por oxecto, a elaboración dun estatuto de autonomía pra Euskadi que logo se sometería a plebiscito polas catro provincias vascas e que presentaríase ó lexislativo e ó goberno, comprometéndose os parlamentarios a defendelo.

Agora ben, si esta coalición tería que abranguer, como xa dixemos antes, a TODALAS FORZAS DEMOCRÁTICAS E NACIONALES VASCAS, semella que "os clásicos movementos entre bastidores" van noutro sentido. Estamos asistindo nos últimos días a un intento de marxinar ós comunistas desta dinámica, respondendo algúns xeito ás presións xurdidas da política estatal e internacional.

Neste sentido, anque pareza paradoxo, o PC de Euskadi, que foi o primeiro partido en propugnar "o compromiso pola autonomía", víuse excluído del. Así é como o PNV despois de negociar co PSOE e algunos

sectores do "abertzalismo de esquerdas" chegou ó acordo de presentar lista única ó Senado, deixando ós comunistas ó marxe.

Estas actitudes adoptadas por certos partidos poden provocar un trasfondo grave pró futuro de Euskadi. De tódalas maneiras, esta toma de posición está mergullada no projeto de formación dun bloco de centro-esquerda a nivel de Estado, que marxe ós comunistas do poder, projeto apoiado a tódolos niveles pola social-democracia e o "carterismo" americano.

Si ben os vencellos que unen a actitude do PNV e os demás partidos coa dinámica política estatal e o entramado internacional son moi estreitos, existe un feito clave que non podemos esquecer.

Sería ilusorio e denotaría unha gran falta de claridade política por parte destes grupos o planteárense a construción dunha Euskadi nova e democrática sin contaren pra ese proyecto coa clase obreira.

Marxinar ó bloco social que fixo posible, coa súa loita, transformalo marco político, levan a todo o conxunto da sociedade ás soleiras da democracia significaría condenar ó fracaso dita opción. Nestes momentos ou en calquera outro, sería interesante remarcar que a transformación da sociedade ten que ser un intento común de tódalas forzas democráticas de Euskadi e que marxinar ó Partido Comunista, como representante político da clase obreira implicaría deixar coxo o projeto histórico que dacordo coa situación xeral que atravesamos, máis necesitado se ve da participación activa do motor da sociedade, o progreso e a Historia: a clase obreira, e, polo tanto, a súa representación no poder: os comunistas.

A xornada do 1º de maio

Un ano máis, a xornada do Primeiro de Maio transcurriu entre prohibicións, manifestacións reprimidas con dureza e unha chea de detencións e feridos, cuia responsabilidade hai que imputárla ó Goberno.

A convocatoria diste ano levaba como eixo central: "algo que nos foi negado nos últimos 40 anos, o pleno dereito á LIBERTADE SINDICAL, sin exclusións de ningún tipo, o pleno dereito dos traballadores a organizarse ou creá-las organizacións que consideren convintes pra defendé-los os seus intereses frente ós dunha patronal cada vez máis egoísta e un capital cada vez más concentrado" -sinalaba o editorial de "Vigo Obrero", órgano das CC.OO., no seu número de maio.

As peticións por parte das centrales sindicales para celebraren unha serie de actos encol desta xornada coa garantía de que iban ter un carácter completamente pacífico non foron atendidas polo Goberno. O contrario, iste prohibiu tódolos actos e ameaçou coa dureza na represión, como así foi. "Non van conseguir que o movemento obreiro se deteña por estas actuacións. Queremo-las libertades democráticas e conquérémolas -foron as palabras dos representantes sindicales nunha roda de prensa convocada media tarde do domingo en Vigo pra dar un primeiro balance da xornada.

A prohibición do Goberno de toda clase de actos non impediu que as

centrales sindicales os convocaran, e así, en todo o Estado español, e concretamente en Galicia, houbo manifestacións, asambleas, mitins, venta de propaganda en tódalas cidades galegas. Os actos onde non houbo unha intervención policial tiveron un carácter pacífico como os da comida campestre no Ferrol, renovando diste xeito unha tradición obreira como son as comidas de solidaridade que os traballadores celebraban en compañía das súas familias neste día con charlas e cancións.

A recente ratificación dos acordos sobre libertade sindical na Organización Internacional do Trabajo, polo ministro De la Mata foi unha medida demagóxica cara ó exterior. "Mentras se afirma esto (a ratificación dos artigos 87 e 98 da O.I.T.) os empresarios siguen despidiendo libremente e pechando as empresas cando lle interesa, os Gobernadores civiles siguen prohibindo toda serie de actos públicos, manifestacións e asambleas obreiras" -denunciaba o editorial citado, pra continuar máis adiante: "Nin o grado de tolerancia, nin a legalización dos partidos políticos, nin a das Centrales Sindicales é a DEMOCRACIA, é un paso importante, fundamental sin dúbida pra ir profundizando nela hasta conseguir unha democracia na que os dereitos fundamentais sexan respetados, e tódolos cidadáns podamos participar na vida política do país".

C. P.



Silvio Meana

Organizarnos prá campaña electoral

En poucas semás, a situación na que nos desenvolvemos cambeou radicalmente, e dun partido ilegal pasamos a ser un partido legal mergullado nunha campaña electoral.

REVOLUCION ORGANIZATIVA

Iste cambeo require, polo tanto, unha verdadeira revolución organizativa que nos sitúe á altura das necesidades, e un sobreesforzo do conxunto dos camaradas pra arremeter con nervio esa gran batalla pola democracia e polo pobo galego: a campaña electoral.

A totalidade do Partido debe discutir con seriedade a importancia e características desta campaña e ter presente en toda a súa actividad ese triple obxectivo de ganas prá democracia, conseguir una representación da clase obrera e o pobo nas próximas Cortes e avanzarmos na construción dun Partido Comunista de masas.

¿Qué directrices organizativas xerais poderíamos marcar?

ORGANIZA-LAS SEDES

Un aspecto fundamental é lograr unha maior axilidade e efectividade na coordinación e dirección, así como ofrecer puntos de referencia pública. Todo ello estíxenos a apertura inmediata de numerosas sedes nas barriadas das grandes cidades e en tódalas poboacións importantes, así como a estructuración do seu funcionamento de maneira que se convirtan en verdadeiros centros de coordinación, dirección e afiliación, e non en desordenados locales onde van tódolos desocupados a pasaren os seus ratos de vagar. A organización das sedes, pra darles unha grande operatividade é unha necesidade de primeiro orde.

IO CAMPO!

Outro aspecto importante é ter en conta que, do que se trata agora, é de chegarmos ó conxunto da poboación, e non "os de sempre". Pra elo compe unha distribución de forzas distinta. Están en marcha plans provinciais de organización que lle asignan a cada zona, independentemente de que haxa máis ou menos organización, un instructor-organizador, que será o impulsor e dirixente político da mesma, durante a campaña.

O plan de instructores prás zonas rurais, será completado coa formación de equipos móviles dentro das cidades, formados por varios coches, e que orientarán o seu labor cara á zona rural que se lles asigne, baixo a orientación do instructor correspondente.

IAS BARRIADAS!

Cada equipo que se forme con estas características, deberá ter á súa cabeza un responsable político e outros dous de propaganda e finanzas, respectivamente.

De maneira semellante, nas grandes cidades deberán realizárense plans de organización pra que non quede unha soia barriada sin cubrir. De idéntica forma deberemos seleccionar instructores prás barriadas nas que menos organización ou maior dificultade exsite.

Na formación de todos istes equipos e na distribución xeral dos camaradas prás diversas tarefas, debemos facer un esforzo especial pra fazer xogar ás nosas camaradas mulleres, o papel que lles corresponde.

PORTA A PORTA

Agárdanos un labor inmenso, ducias de mítines por toda Galicia (pensemos que algúns días poderán coincidir 6 ou 7 en distintos lugares), unha intensa laboura propagandística é unha tarefa indispensable e inaplazable: o porta a porta. Nin unha soia porta debe quedar sin que un comunista teña chamado a ela pra expoñelas nosas posiciones.

O tesón dos nosos camaradas que loitaron en condicións moi más penosas e difíciles, durante anos de clandestinidade, e o entusiasmo deses centos de homes e mulleres que veñen hoxe ás nosas filas, son o aval de que seremos capaces de realizar esa impresionante tarefa.

X. P. de la Fuente



Mitin histórico de PCG

(Ven da 2ª páxina)

punto, os berros de Fraga, Fraga, Galicia non te traga!

"Eu quero decir aquí que a unidade ha de vir, que a unidade sindical ha de vir, que a unidade galega ha de vir, que a unidade da izquierda ha de vir. Porque nos obliga a realidade, porque sobre todo nos obliga o noso pobo que quere a unidade".

"Eu lle diría (os campesinos) -prosiguió Barros- o voto é moi importante, hai que se informar, e sobre todo hai que votar democracia, hai que votar Galicia, hai que votar polos partidos auténticamente populares pra que se poda vivir mellor que agora, en paz, en libertade e sin emigración".

"Agora temos unha nova arma, temos unha arma cargada de futuro: o voto, compañeiros. A través do voto nos creemos que podemos levar ó noso país, mesmo, ó socialismo".

"Galicia non descansará -rematou Barros- mentres quede un solo emigrante, que nos precisamos esa autonomía para levantar Galicia, para levantar unha industria galega sin celulosas nin nucleares, para levantar o noso campo, e para levantá-lo non só mar".

SANTIAGO ALVAREZ: NON SOMOS UNHA SECTA, SOMOS UN PARTIDO DE MASAS, NACIONAL E DEMOCRATICO

Cando Santiago Alvarez (secretario xeral do PCG, candidato ó Congreso pola provincia de Pontevedra, vello loitador campesino de Valdeorras, militante comunista dende tempos da República) colléu a palabra, atronou a sala. Os sete ou oito mil asistentes tributáronlle os aplausos más quentes, sentidos e acogulados

de afecto. Neste home baixo de estatura, rexoa como as ideas que o conforman, campechanas e simpáticas como a casta labrega á que pertence, pro duro como un cañoto á hora de defendelos intereses dos esmagados -está a historia dos comunistas galegos; nel latexa todo o heroísmo e humanidade dos primeiros camaradas, as rebeldías xusticieras dun pobo asoballado, as alegrías de mil romerías aldeás. Santiago Alvarez é hoxe o noso más grande tesouro humano; a ponte que comunica a historia co presente; a testemuña limpia, clara e definitiva de que Partido Comunista e pobo galego veñen a sé-la mesma cousa. Si non tiveramos alternativas claras e concretas -que as temos- prós problemas claros e concretos do noso pobo e da nosa terra, chegaría a figura do noso secretario xeral pra respondermos da honestidade do noso combate e a claridade dos nosos ouxetivos. Nada más lóxico, pois, que ise trono garmoso co que o público acolléu a súa presencia.

Nembargantes, as primeiras palabras de Santiago tiveron que ser pra condenála cativa provocación que, en contraste coa grandeza do mitin, foi unha simple anécdota. "Quen nos interrumpe a nós, ós socialistas, a calquera forza democrática -dixo o noso secretario xeral-, está facéndolos ó xogo ós fascistas". Referíase a certas alteracións e a algunha que outra bandera republicana que algúns grupos esquerdistas -íñimós en número- amosaron pra "faceren notá-la súa presencia". A provocación irresponsable e antidemocrática dises grupos deu pé á "actuación" dunha ducia de profesionais dos pitidos e do al-

boroto provocador, se cadra manexados pola extrema dereita. A sensatez e a solidaridade do público co PCG, foi, coa experiencia e madurez dos propios organizadores, garantía de orden e de paz no acto (Parrafo recolleito da roda de prensa do PCG, 2-mai-1977). Como xa queda dito, a provocación non achicou o máis mínimo a grandeza deste mitin.

"Nós víñemos aquí -continuou Santiago Alvarez- pra defendelos dereitos de todos os partidos políticos a seren legalizados; víñemos a pedir un clima de libertade onde se poída defendelos dereitos do pobo galego". "O proceso cara á democracia é xal irreversible. Irreversible na medida en que todalas forzas de masas sintamos a responsabilidade de impedir a volta atrás. Esa responsabilidade sentímola os comunistas, porque nos doe na nosa carne e no noso pobo. Sentímola pola experiencia que nos da medio siglo de loita pola libertade".

"Nunca estaremos dispostos a facer fáceis concesións á galería ou á demagogoxía. Nos vimos a decirle ó pobo galego que queremos compartirlos dereitos e os deberes que o pobo galego nos dea, porque queremos ser, non unha secta, sinón un partido de masas aberto a todas as críticas e enraizado fortemente na realidade galega".

A nosa vía pacífica cara ó socialismo está clara, pois "si algunha vez as nosas formas de loita foron violentas foi porque se non impuxeron, e non polo pobo, senón contra o pobo".

Logo das palabras do noso secretario xeral e, despois de cantá-la "Internacional", o "Himno Galego" e o "Venceremos Nós", deu remate o mitin que sinala -pensamos- unha data histórica na historia da loita polo socialismo en libertade. F. S.

A venda das nosas empresas

A chegada da democracia, o proceso político que está a establecerse no Estado Español, trae con el unha actitude de expectativa do capital que se traduce na falla de inversión e na progresiva descapitalización das empresas. En Galicia, a repercusión desta actitude adopta coores más dramáticas pola condición de reserva de man de obra que tivo hasta agora. O proceso de colonización interior que está a sofrir Galicia acentúase nestes intres nos que o capital monopolista se prepara pra detentar unha situación de privilexio cara á democracia.

Non é doutro xeito que se producen os casos de venda de tan importantes empresas como "Hijos de J. Barreras", "Alvarez", "Censa" e "Astilleros y Construcciones". Aínda que toda análises que se faga chegue ó mesmo punto como orixe do problema, outros son os casos de "Forjas del Miñor" e "Atir" que, xunto coaíndia pendente de "Dresslok", veñen a incrementá-lo índice de paro na provincia de Pontevedra.

Toda a infraestrutura industrial fixouse nos derradeiros anos sobre da base dunha política de pleno emprego, cun oxectivo claro de apparentar unha acción social, dando como contrapartida ás empresas unha serie de facilidades inversoras. Coincidiu esta política cunha amplia subida das carteiras de pedidos na industria da construcción naval que, como agora se está a mirar, resultou a más afectada pola crisis xeral da economía.

Deste xeito agudizáronse as condicións polas que a industria, tradicionalmente nas mans dunha burguesía conservadora e pouco previsora do futuro, ía poñerse a disposición dos grupos monopolistas máis capacitados pra aproveitar opcións de futuro a máis longo plazo. O aproveitamento daquelas condicións fixo o resto. Así caíron primeiro "Censa", nas mans do Banco Urquijo á traves de "Duro Felguera", despois "Barreras" e máis "Alvarez", en poder da banca privada e do INI, e logo "Astilleros y Construcciones", recollida polo grupo "Pérez Maura", despois de que os antiguos propietarios deixaran xa un dez por cento das accións en poder de "Duro Felguera" cando chegou a crisis.

Consecuentemente con esta política monopolista que ven cubrir o valeiro deixado pola burguesía local, plantéxase o problema de facer rentables as empresas adequiridas, pró que o primeiro paso é o da reducción das plantillas enchidas artificialmente durante o período do "pleno emprego" e espallismo do despegue económico.

As consecuencias vainas recoller, nos seus aspectos negativos, a clase que non tivo ningunha participación na política socio-económica do estado. Pra elo artellouse unha política que, no plano legal, comenzou coa Lei de Relaciones Laborales (a introducción do artigo 35 foi un dos leves avances sociales que plantexaba esta lexislación), seguíu coa suspensión do artigo 35 e remató co recente Decreto de Relaciones de Traballo que sentenciaba a devandita suspensión dos aspectos más progresivos da anterior lexislación, dándolle categoría legal ó despido ceibe.

Chégouse, daquela, á concreción das circunstancias que permitirían as reestructuracións das empresas como fórmula pra incentivar a inversión. Naturalmente era a fórmula más sencilla. O máis fácil era darlle ó capital monopolista unha saída de inmediatas perspectivas de rentabilidade. Mais complicado houbera sido unha planificación más amplia; unha estruturación racional da economía e unha verdadeira planificación da inversión que potenciaría a creación de novas empresas, artellando unha rede de industrias auxiliares que puxera as bases pra delimitá-la infraestrutura industrial.

Ningunha destas cousas se fixo, presumiblemente coa intención de deixárlas a un goberno saído das urnas e que, no caso de que este recoillía os intereses das clases dominantes deixa agora -que ainda o seguirán a ser-, té-lo campo abonado pra unha fácil estruturación industrial que non afecta aqueles intereses.

Os outros casos "Forjas", "Atir", "Dresslok"- parecen ser únicamente consecuencia directa dunha mala xestión empresarial ou dun "sálvese quem poida" cando chegou a crisis.

U. CARDOSO

Lista da campaña «5 millóns»

INTERIOR

A Coruña	Recollido polos cdas.	24.300
O Ferrol	Recolleitas especiales	156.800
Santiago	Recollido polos cdas.	10.100
Lugo	Recollido polos cdas.	50.945
Pontevedra prov.	Recollido polos cdas.	26.760
Vigo	Recolleitas especiales	7.800
Varios	Recollido polo C.C.	6.975
Compromiso C.E. segunda entrega	Recollido polos cdas.	5.000
REPARTO	Recollido polos cdas.	2.300
Total lista	1.633
Total Surma anterior	1.412.756
Total ó 31-3-77	1.977.605

Os comunistas, enemigos de calquer separatismo

Léndonos, escoitándonos, a xeite ve que os comunistas do PCG (organización autónoma do Partido Comunista de España) falamos en galego, escribimos en galego, defendemos las reivindicacións de Galicia, loitamos pola autonomía... ¿non pode isto dar pé pra que alguén diga que os comunistas somos separatistas? (alguén malintencionado e anticomunista, que os hai en cantidad).

Franco chamou separatismo a todo aquello que non fose centralismo. Por esta banda, hoxe, cando tódolos partidos democráticos en Galicia son polo menos *autonomistas*, as cousas van quedando claras: o centralismo de Franco, creador de separatismo, ninguén o quer.

A liña de democracia que está menos clara pra algúns é a que separa comunistas e nacionalistas extremos. OS COMUNISTAS SOMOS ENEMIGOS DE CALQUERA FORMA DE INDEPENDENCIA DE GALICIA E OS NACIONALISTAS RADICALES NON. Por exemplo, a U.P.G. ten no seu programa "a independencia de Galicia", e independencia é separación, Estado propio. Cando Angola ou Arxelia pedían a independencia referíase á separación da metrópoli. Recordemos, de novo, que Galicia non é Angola.

O PCG defende a unidade de España, a unidade do Estado Español sin ambaxes; por iso enarbolamos, coa galega, a bandeira española. Pero, a unidade que nós, comunistas, queremos, é exactamente todo o contrario da unidade que quer Alianza Popular. O PCG quer unha unidade (como mínimo onde Galicia teña autonomía) de España libre, é decir, despóis de que Galicia e os outros pobos poidan decidir libremente os



seus destinos i escollerán unha nova unidade más firme e racional, onde Galicia, Euskadi, Catalunya..., teñan os mesmos dereitos, onde os pobos e rexións do Estado vexan garantizada a súa liberdade e o seu desenrollo económico; falamos da unidade federal do Estado español, falamos dunha Constitución federal, na medida que as circunstancias e as reivindicacións dos pobos o permitiran.

Como di o pobo, "somos galegos, pero tamén somos españoles". E, neste sentido, o partido da clase obrera, primeiro loitador da causa das nacionalidades, defende unha opción que poña fin ó centralismo, pero non separatista, non destructiva, non pra rompela unidade da clase obrera española, non pra facer imposible a libertade de Galicia. Pois é claro que fora de España, ou contra España, Galicia non vai avanzar un milímetro na súa liberación nacional. Entendendo por España, primeiramente, os pobos de España e a clase obrera española: o primeiro aliado de Galicia e de tódolos asoballados.

S. NOS

Este que tendes aquí é Xesús Alonso Montero que encabeza a nosa candidatura ó Congreso de Diputados pola provincia de Lugo, onde viviu non poucos anos e onde conta cunha chea de amigos, de ex-alumnos, de compañeiros,

X. Alonso Montero, candidato do PCG por Lugo

"Os partidos de esquerdas están ó servicio da xente popular"

X. A. M.: ¡Seica me tomas o pelo!

O traballo político dos derradeiros meses absorbebe casi tódalas horas.

V. do P.: Pro os amigos, sabemos que está pra saír un libro...

X. A. M.: Está, é certo, mais trátese dun libro que xa estaba escrito, pois consiste en cen artigos: ensaios que eu publiqué ó longo de 25 anos: 1951-1976. En certa maneira é unha autoescolma. Títulase "Lingua, literatura e sociedade en Galicia".

V. do P.: ¿E certo que o "filo" -literariamente falando- más querido por ti é "Pedro Petouto"?

X. A. M.: En certa maneira. E aproveito pra decir que acaba de saír a terceira edición.

V. do P.: ¿Qué laboura túa ten sido máis incidente?: los libros (que son más de 20) ou as conferencias?

X. A. M.: Casi diría que son as conferencias.

V. do P.: ¿En qué países de forao estás falado?

X. A. M.: Na Argentina, Uruguay, Canadá, Francia, Portugal... Nestes anos tiven invitacións doutros sitios (Londres, por exemplo) pero non fui por non ter pasaporte.

V. do P.: Cambiando un pouco de tema: ¿por qué un intelectual nunha organización marxista?

5) A xente común: os vosos votos deben ser prá esquerda. Si non facedes así, tirades pedras contra o voso tellado, que xa non ten moitas telhas (en Lugo dícese lousado).

6) Nos partidos de esquerda están os traballadores, os intelectuais e profesionais progresistas...

V. do P.: ¡Por favor, compañero!, esto parece un discurso, non un diálogo, unha entrevista!. Ademáis esgótase o espacio.

X. A. M.: Pois quixera engadir unha cousa máis ¿podó?

V. do P.: Veña logo.

X. A. M.: Despois do dito, a conclusión sería:

- Votar a calquier partido democrático é un xeito digno e útil.
- Votar un partido democrático de esquerdas, é mel.
- Votar ó noso Partido: mel nas filloas.

encuesta

¿QUE OPINA VOSTEDE DA ADOPTION DA BANDEIRA ESPAÑOLA POLO PCG?

O acordo tomado polo Comité Central do PCE, na derradeira xuntanza celebrada despois da legalización, de adoptá-la bandeira nacional como un símbolo que figurará en tódolos actos públicos que o Partido celebre, foi motivo nos últimos días de comentarios encontrados.

"A Voz do Pobo" quiso palpá-lo ambiente popular sobre a cuestión, e destacou na rúa a dous dos seus colaboradores -María Luz García Docampo e Pepe Carreiro- quienes se atoparon con estas respuestas:

22 años, estudiante

Despois de se adaptar o Partido Comunista ó sistema, non é de extrañar, que adopte a bandeira do Estado. Penso que únicamente debería levá-la do Partido.

58 años, representante de comercio

A bandeira española representa a unidade do Estado, por iso deben aceptala tódolos partidos políticos. Pro iso non quita que os problemas dos galegos resolvámoslos en Galicia. O PCG debe levar xunto coa bandeira do Partido, a de Galicia e a española.

26 años, estudiante e traballadora

Si o PCG representa os intereses dos galegos e identifícase con Galicia somentes debe levá-la a nosa bandeira. A española pró PCE.

45 años, vendedora de libros

Eu penso que a bandeira española debe figurar sempre, e naturalmente a galega, sempre e cando non siñifique separatismo.

64 años, peón

A bandeira de España é de tódolos

españoles. Non era de Franco, ademáis Franco xa morréu, i España sigue sendo España e a súa bandeira igual.

34 años, litógrafo

A bandeira de España témola que respetar todos, na "mili" nos xuramos con esa bandeira, entón os comunistas ténela que respetar igual que os demás, ou non sodes españoles.

52 años, muller da limpeza

Aquí temo-la bandeira galega pro como tamén somos españoles témola bandeira de España. Os de Madrid non teñen bandeira como non son galegos, pro teñen que poñela de España aínda que sexan comunistas son españoles.

29 años, técnico gráfico

Todos vivimos nun sitio que se chama España (ainda estando en Galicia, porque Galicia está dentro de España). A bandeira de España (a que temos) é a que ven nos libros de todo o mundo. Os rapaces cando miran esa bandeira saben que é a bandeira de España.



Santiago Alvarez, Xesús Alonso Montero, Manolo Peña-Rei e Xosé L. Dála, na I Asamblea de Intelectuales do PCG.

conversa

de afectos, de simpatías. Catedrático de Escola Universitaria (excedente), catedrático de Literatura no Instituto da Guía (Vigo). Doutor en Filoloxía Románica, conferenciante pluricontinental, autor dun feixe de libros, de centos de artigos, de ducias de prólogos, pertence ó noso Partido -cun breve paréntesis crítico- desde abril de 1962.

Está casado con Emilia (profesora e madriñeira que fala bastante ben o galego) e ten tres fillos: dous homes (estudantes na Universidade) e unha muller (en COU). Nos últimos anos do franquismo conoceu: as comisarías, as multas políticas, os paus, a discriminación profesional e o desterro de cinco meses a Montilla (prov. de Córdoba). De Pedro Petouto -personaxe e mestre por el inventado (?)- aprendeu aquello de: "a Cultura é unha cousa que abre os ollos, e si non os abre, non é Cultura". Alonso Montero, o noso compaño Jesús, é un bon discípulo de tal mestre.

X. Alonso Montero, candidato do PCG por Lugo

"Os partidos de esquerdas están ó servicio da xente popular"

X. A. M.: ¡Seica me tomas o pelo!

O traballo político dos derradeiros meses absorbebe casi tódalas horas.

V. do P.: Pro os amigos, sabemos que está pra saír un libro...

X. A. M.: Está, é certo, mais trátese dun libro que xa estaba escrito, pois consiste en cen artigos: ensaios que eu publiqué ó longo de 25 anos: 1951-1976. En certa maneira é unha autoescolma. Títulase "Lingua, literatura e sociedade en Galicia".

V. do P.: ¿E certo que o "filo" -literariamente falando- más querido por ti é "Pedro Petouto"?

X. A. M.: En certa maneira. E aproveito pra decir que acaba de saír a terceira edición.

V. do P.: ¿Qué dirías ós cidadáns de Lugo neste intre pre-electoral?

X. A. M.: Seis cousas: 1) A todos: que pensen ben a quem van votar.

2) Os más amolados: na vosa fame non manda ningún.

3) A todos: icoidado cos demócratas de onte pra acá!

4) A todos, pro de xeito especial ós más amolados: os partidos de esquerdas son de esquerdas porque estiveron, están i estarán ó servicio da xente popular, da xente que traballa, da xente a que os señoritos e as dereitas negaron sempre todo ou casi todo.

5) A xente común: os vosos votos deben ser prá esquerda. Si non facedes así, tirades pedras contra o voso tellado, que xa non ten moitas telhas (en Lugo dícese lousado).

6) Nos partidos de esquerda están os traballadores, os intelectuais e profesionais progresistas...

V. do P.: ¡Por favor, compañero!, esto parece un discurso, non un diálogo, unha entrevista!. Ademáis esgótase o espacio.

X. A. M.: Pois quixera engadir unha cousa máis ¿podó?

V. do P.: Veña logo.

X. A. M.: Despois do dito, a conclusión sería:

- Votar a calquier partido democrático é un xeito digno e útil.
- Votar un partido democrático de esquerdas, é mel.
- Votar ó noso Partido: mel nas filloas.